

NOTA DE PRENSA

Resultados da XIV Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega).

Santiago, 18 de xaneiro de 2019.

Rematou na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña a proba correspondente á Fase Autonómica Galega da Olimpíada de Bioloxía. Esta foi xa a decimocarta edición do certame e nela participaron 80 estudantes de 34 centros de secundaria de Galicia. O acto foi clausurado polo Rector da Universidade da Coruña, D. Julio Abalde; o Decano da Facultade de Bioloxía da Uvigo, D. Jesús Míguez, o Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, D. Pelayo Míguez Baños e o Delegado Institucional do COBGA na Olimpíada Española de Bioloxía, Pablo Fernandes.

Resultaron gañadores:

- Guillermo Alonso-Jáudenes Paz, do IES Plurilingüe Eusebio da Guarda, da Coruña
 - María Gálvez Marque, do Colexio Internacional Eirís, da Coruña
 - Olalla Maceiras Outeda, do Colexio Internacional Eirís, da Coruña
- que representarán á nosa comunidade na Fase Nacional, a celebrar en Palma de Maiorca no mes de marzo.

Así mesmo, obtiveron Mención de Honra (distinción establecida por vez primeira na Olimpíada) e substituirían aos gañadores, no seu caso, na fase nacional:

- Lucía Castro Garrido, do IES Monelos, da Coruña
- Víctor Irisarri Piñeira, do IES Rosais II, de Vigo
- Laura López Prieto, do IES Rosais II, de Vigo

